

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA

CURSO: 4º DE PRIMARIA

MATERIA: ARTS & CRAFTS MESTRA: MARÍA JOSÉ VILELA

DATA: 5 DE MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 3. Avaliación e cualificación.**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL		
B1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas.	EPB1.2.1. Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.	CCL CCEC CSC CMCCT
B1.3. Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as formas de expresión das súas obras máis representativas.	EPB1.3.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra. EPB1.3.3. Expressa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico.	CCL CCEC CSIEE CD
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA		
B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma. EPB2.1.6. Utiliza ceras, rotuladores,.. EPB2.1.8. Utiliza e mestura técnicas (acuarela, témperas etc.) con finalidade estética. EPB2.1.12. Recorta, encarta e pega con precisión	CCEC CMCCT CSIEE
B2.3. Utilizar e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.	EPB2.3.1. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións. EPB2.3.2. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións. EPB2.3.3. Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar nunha produción propia (historieta, cartel, mural,etc.).	CSIEE CAA CSC CD
B2.4. Utilizar recursos bibliográficos, dos medios de comunicación e da internet para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos	EPB2.4.1. Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información bibliográfica, dos medios de comunicación ou da internet, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos na obra final.	CSIEE CAA CSC

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

En 4º de Primaria, este grupo de alumnos e alumnas conta só con dous alumnos, un neno e unha nena. Os dous contan cun ordenador con acceso a internet, cun **teléfono móbil con aplicación de mensaxería instantánea e un correo electrónico.**

O medio que utilizamos para manter a comunicación é o teléfono móbil , a aplicación de mensaxería instantánea Whatsapp e os Mércores, que é cando tiñamos clase no cole, facemos videoconferencia con Cisco Webex. Ahí aproveitamos para resolver dúbidas, para ensinar o que vamos facendo e para algunha explicación...

Por tanto, empregamos unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada**, centrándonos no desenvolvemento de tarefas tendo en conta un **enfoque competencial, comunicativo e cun tratamento globalizado das actividades.**

Teremos en conta tamén a atención á diversidade do alumnado.

As actividades propostas serán totalmente de reforzo, repaso e ampliación de contidos xa vistos. Así como o remate de algunha actividade que tiñamos a medias.

Os recursos utilizados para realizar esas actividades serán os máis parecidos posibles ós que tiñamos na aula... pero cada un na súa propia casa. O concello proporciona a achega de material ás súas casas, polo que se lles proporcionará todo o necesario para a realización das actividades.

Como é un grupo moi pequeno, e coñezo perfectamente a súa evolución e as súas habilidades e capacidades, non farán falla actividades de reforzo a maiores das que se propoñen, polo que as actividades que faremos serán suficientes para todos.

3. Avaliación e cualificación

Referentes	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe especificados no apartado 1.
Características	Continua e global, seguindo o seu progreso nas diferentes Competencias Clave, tendo en conta a Competencia Comunicativa, xa que a materia dáse en lingua estranxeira (Inglés).

3ª avaliación

Análise de producións.	Tarefas semanais propostas relacionadas con contidos de repaso e ampliación. Valórase a elaboración, a iniciativa, a presentación, a participación, o esforzo e a constancia.
------------------------	--

Cualificación final

Seguindo as instrucións do 27 de abril 2020 a **avaliación** será **continua**. A **cualificación final** poderá ser mellorada lixeiramente tendo en conta o traballo realizado durante o terceiro trimestre (máximo dun punto).

A **xustificación legislativa** a este apartado vén dada polo establecido no Decreto 105/2014 (currículo de Educación Primaria), a orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e a promoción en Primaria na Comunidade Autónoma e Galicia e polas instrucións do 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias , e por conseguinte ao alumnado, da publicación deste documento na páxina web do centro e a través de abalar móbil. Resolveranse as dúbidas que poidan xurdir a través dos dous medios citados anteriormente ou a través de chamadas telefónicas.
Publicidade	No mes de Maio será publicado na páxina web do centro , nun espazo habilitado para <i>“adaptacións das programacións didácticas do curso 2019-2020”</i> .